



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

Praza Constitución, 1
Tfnos.: 986 570165/570030
Fax: 986 570233

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 13.05.19, adoptou, entre outros, o acordo de aprobar inicialmente o documento do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións relativo á finca radicada na parte posterior da Estación de Autobuses de A Estrada (ref. cat. 36017A104001130000RH ou rexistral núm. 60.854), asinado pola arquitecta, Dna. Beatriz Abel Pazos, de data setembro de 2018, presentado por Gas Galicia SDG, S.A. en formato dixital o día 19.12.18 (r.e. núm. 10.761).

Este acordo determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento, no caso de que as novas determinacións deste supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente. Para estes efectos, insértase/determinase expresamente a área afectada:



Esta

eventual suspensión terá unha duración máxima de 2 anos, contados dende a devandita aprobación inicial, e, en calquera caso, extinguirse coa aprobación definitiva do planeamento. Durante a mesma poderán autorizarse usos e obras provisionais nos termos do art. 89 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro.

O nomeado Plan Especial así como o expediente administrativo do que trae causa sométense a trámite de información pública durante o prazo de 2 meses, computado a partir da data de publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, e sen prexuízo da súa publicación nun dos xornais de maior difusión na provincia, así como da súa inserción no Taboleiro municipal de editos e enuncios e na páxina web municipal.

Lugar e horario de exhibición: dependencias do Departamento de Urbanismo, Casa Consistorial (3º andar). De luns a venres (agás festivos), entre as 09:00 e as 14:00 horas.

O ALCALDE,

Asdo./ José C. López Campos.